



Na proba disputada a pasada fin de semana en Xinzo de Límia.-

Eduardo Blanco, en *homes*; Cristina Sanmartín, en *donas*; e David Andrew, en *spaniels*, novos Campións Galegos de Caza San Huberto

Santiago, 7 de setembro de 2009.- Xinzo de Límia, era por segunda fin de semana consecutiva, a capital do deporte cinxético. O pasado sábado acollía a vixésima edición do Campionato Galego de Caza San Huberto, disputada sobre perdiz.

Na final masculina, o cazador da sociedade de caza lucense *Santa Mariña*, Eduardo Blanco, co can *Marqués*, un pointer macho, era proclamado Campión Galego. Segundo foi o cazador de *Urogallo* (A Coruña), Roberto Dopico, co draahthar *Jalo de Caaveiro*; mentres que a terceira praza era para Ramón Carnero, da sociedade *Amistade* (Pontevedra), co can *Zar*, de raza pointer. En cuarto lugar clasificábase o cazador de *Barbanza* (A Coruña), Eloy Rodríguez co setter inglés *Twist*, que completaba así a selección galega masculina que disputará a semifinal do campionato de España o vindeiro 19 de setembro en Barracas (Castellón).



En féminas, primeira foi Cristina Sanmartín da sociedade de caza *Urogallo* (A Coruña) coa pointer *Fa da Chousa*; seguida de Sandra Rodríguez de *Barbanza* (A Coruña) co setter *Pity*; mentres que a terceira praza era tamén para a cazadora de *Urogallo* (A Coruña), Nicolasa González, co setter *Jef de Caaveiro*. Ao renunciar a primeira clasificada por asuntos persoais –contrae matrimonio nesas datas, desde equí a nosa máis sincera felicitación- , a segunda e a terceira clasificada disputarán o campionato de España de Donas a celebrar en Barracas-Castellón o 20 de setembro.

En springer spaniels, o vencedor foi o cazador da *Amistade* (Pontevedra), David Andrew co can springer *Cha*; seguido de Victor Villar tamén da sociedade *Amistade* (Pontevedra), co can *Júpiter*, de raza springer spaniel. Ámbolos dous cazadores formarán a selección galega que participará no campionato de España da modalidade, a celebrar tamén en Barracas o 20 de setembro.

No acto de clausura da competición e entrega de premios, estiveron presentes ademais do Presidente Provincial e do Presidente da Federación Galega de Caza, José Luis Leites e José María Gómez Cortón; o Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Rogelio Martínez; o Xefe do Servicio Territorial da Consellería de Medio Rural, Ricardo Vecillas; o Xefe do Servicio de Conservación da Natureza en Ourense, Juan José Gómez; e o Teniente alcalde de Xinzo de Límia, Antonio Pérez; entroutras autoridades.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA